

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 11 DE XUÑO DE 2026 POLA QUE  
SE CONVOCA O CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS 09/26  
PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DE INVESTIGACIÓN.**

Unha das funcións prioritarias da Universidade de Vigo é a da investigación, a transferencia e a innovación. Para mellorar a actividade investigadora, a Universidade de Vigo precisa a incorporación de persoal de apoio especificamente contratado para esas tarefas, ben sexa nos grupos de investigación, ben sexa noutras estruturas relacionadas, como centros de investigación ou institutos de investigación.

O Consello de Goberno aprobou na súa sesión ordinaria do 30 de xuño de 2025, o Regulamento de contratación do persoal investigador, técnico e de xestión da investigación da Universidade de Vigo, co obxectivo de, por un lado definir o marco da carreira investigadora, e por outro, clarear os diferentes procedementos para levar a cabo a contratación, ademais de definir os requisitos mínimos que calquera contratación de persoal investigador debe cumprir no marco dos principios de acceso ao emprego público.

O referido regulamento respecta a Carta Europea do Persoal Investigador e serve para establecer os procedementos precisos para que a selección do persoal sexa axeitada consonte ao establecido no selo HR e na propia política de OTM-R (*Open, transparent and merit-based recruitment*) da Universidade de Vigo e que teña as máximas garantías, así como axeitar os procedementos á nova normativa laboral.

Tal como establece o artigo 4 do devandito regulamento, a selección do persoal a contratar realizarase mediante concursos públicos coas necesarias garantías de publicidade e transparencia, e que se resolverán respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade

En virtude do exposto, en uso das competencias que lle confire a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 81 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

Convocar un concurso público de méritos polo procedemento ordinario para a contratación de persoal de investigación coas características que figuran no anexo III desta Resolución Reitoral, de acordo coas bases que figuran no Anexo I.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciu a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 de a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O REITOR

P.D. R.R. 30/05/2024 (DOG de 10 de xuño)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

## ÍNDICE DE CONTIDOS

### Anexo I Bases reguladoras.

1. Obxecto.
2. Sistema de selección e normativa aplicable.
3. Órgano instructor.
4. Requisitos de participación.
5. Presentación de solicitudes.
6. Admisión.
7. Comisión de selección.
8. Desenvolvemento.
9. Listas de agarda.
10. Formalización dos contratos.
11. Réxime aplicable de contratación.
12. Causas de extinción.
13. Medios de publicidade.
14. Réxime de tratamento de datos.
15. Norma derradeira.

### Anexo II Declaración responsable do cumprimento de requisitos.

### Anexo III Prazas ofertadas.

## ANEXO I BASES REGULADORAS

### 1. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal investigador, técnico e de xestión, coas características especificadas no anexo III en cada unha das ofertas, para o apoio do desenvolvemento das actividades de investigación que contén con financiamento que xestiona a Universidade de Vigo dentro da normativa legal vixente.

### 2. Sistema de selección e normativa aplicable.

O sistema de selección será o de concurso de méritos a través da valoración dos méritos especificados no anexo III desta convocatoria para cada unha das ofertas.

Só se poderán ter en conta os méritos alegados no CV presentado conforme ás bases desta convocatoria durante o período de solicitude, sen que sexa posible a posterior modificación del.

Este concurso respecta os principios OTM-R e réxese polas súas bases así como polo disposto no Regulamento de contratación do persoal investigador, técnico e de xestión da investigación da Universidade de Vigo, nos Estatutos da Universidade Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público así como calquera normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, no non contemplado na lexislación anterior, aplicarase o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico de Emprego Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

### 3. Órgano instrutor.

As actividades de ordenación e instrución do procedemento de selección corresponden á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación que estará asistida polo Servizo de Recursos Humanos de Investigación como unidade de xestión e por cada unha das comisións de valoración no correspondente á fase de proposta de adxudicación.

#### 4. Requisitos de participación.

1. Para seren admitidas as persoas aspirantes, ademais de cumprir, de ser o caso, os requisitos específicos que figuran no anexo III desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a formalización do contrato, os seguintes requisitos:
  - a) Ter a nacionalidade española ou calquera outra á que as normas do Estado atribúan iguais dereitos a efectos laborais na Administración Pública.
  - b) Dispor da titulación indicada e cumprir o resto de requisitos publicados coa convocatoria da oferta de contrato.
  - c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
  - d) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento das correspondentes funcións ou tarefas.
  - e) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos e cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, na que fora separado ou inhabilitado.
2. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitada ou en situación equivalente nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
3. Non se esixen requisitos específicos no referente á nacionalidade ou residencia das persoas aspirantes para a participación nos concursos. Non obstante, a contratación de persoas investigadoras estranxeiras de países non comunitarios, condiciónase á obtención dos permisos esixidos na normativa sobre estranxeiría, polo que as datas de inicio dos contratos que se establezan nas convocatorias poderían retrasarse en función dos prazos para a obtención dos devanditos permisos.
4. As persoas aspirantes non deberán estar incursas en ningunha das causas de incompatibilidade previstas na lexislación vixente sobre incompatibilidades para contratar coa Administración Pública.

## 5. Presentación das solicitudes.

A presentación de solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>), entrando en Procedementos e trámites/PAS/PDI e premendo no enlace SRHI 0926 - Concurso de méritos para a contratación de persoal de investigación indicar no asunto UNICAMENTE a **REFERENCIA DA OFERTA**.

De xeito excepcional para este procedemento, unicamente para persoas estranxeiras extracomunitarias poderán usar medios de identificación electrónicos alternativos, para o cal deben iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a [estranxeiros@uvigo.gal](mailto:estranxeiros@uvigo.gal), cunha **antelación mínima de dous días hábiles** á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles que comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>)

Xunto coa solicitude deberán presentarse a seguinte documentación:

- Curriculum vitae abreviado CVA(AEI) conforme a modelo normalizado en <https://cvn.fecyt.es/>. No caso de que se desexe completar o seu contido pode engadirse **unha única folla** coa información a maiores. Debe entregarse un único arquivo.
- Declaración responsable (anexo II) de cumprimento dos requisitos establecidos nas bases da presente convocatoria e da veracidade dos datos achegados no CVA.
- Calquera outro documento que exixa a ficha da correspondente oferta.

Por pedimento das comisións de selección, o Servizo de Recursos Humanos de Investigación poderá solicitar ás persoas candidatas os documentos orixinais acreditativos dos requisitos e dos méritos declarados.

## 6. Admisión.

Recibidas as solicitudes no Servizo de Recursos Humanos de Investigación, serán revisadas conforme ao establecido nas bases da convocatoria e os seus anexos, procedendo á publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso.

As persoas aspirantes excluídas ou que non figuren na relación de persoas admitidas, pero dispoñan do xustificante de presentación da solicitude, disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución, para poder emendar os defectos ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión, a través da sede electrónica da Universidade de Vigo mediante o procedemento **SXER – Alegacións**.

Quen dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a ser incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas ou desistidas conforme ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas. A listaxe definitiva publicárase no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non implicará reconecer ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos, de xeito que a constatación de que non os posúen producirá o seu decaemento de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

#### **7. Comisións de selección.**

Constituirase unha comisión para valorar os méritos das persoas candidatas, cuxa composición se publica no anexo III en cada oferta de contrato de traballo.

As comisións de selección estarán compostas preferiblemente por persoal da Universidade de Vigo e estarán suxeitas ao cumprimento da lexislación vixente sobre abstención e recusación recollida nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. No caso de que se dea algunha causa de abstención ou recusación, publicárase unha resolución co nomeamento da nova composición.

#### **8. Desenvolvemento.**

A selección das persoas candidatas farase salvagardando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade pola correspondente comisión tendo en conta unicamente a información contida na solicitudes e currículos presentados e aplicando os criterios de valoración publicados en cada oferta.

A comisión terá un prazo máximo de 5 días hábiles desde a publicación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas para realizar a proposta de adxudicación, que recollerá a orde de prelación das persoas aspirantes xunto coa puntuación acadada en cada apartado indicado no baremo de valoración para cada oferta.

Recibidas as propostas das comisión de selección, publicarase a resolución provisional de adxudicación, nun prazo máximo de 7 días hábiles. Contra esta resolución poderá presentarse unha alegación no prazo de 3 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación mediante unha instancia SXER Alegacións pola sede electrónica da Universidade de Vigo.

A comisión de selección poderá declarar deserto o concurso cando os méritos das persoas candidatas non se axusten ao perfil esixido na convocatoria.

Unha vez resoltas as reclamacións polas comisións, a Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Investigación publicará a resolución de adxudicación definitiva no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo e indicará o prazo para a formalización dos contratos.

#### **9. Listas de agarda.**

A relación ordenada de persoas na proposta de provisión que non resulten adxudicatarias do contrato poderá constituír unha lista de agarda para asegurar a cobertura do contrato, e tamén poderá ser utilizada para a provisión doutras necesidades de persoal que poidan xurdir na mesma liña de investigación sempre que sexa para realizar funcións equivalentes.

#### **10. Formalización dos contratos.**

O contrato de traballo será formalizado, previa reserva do crédito que cubra o custo total do contrato na partida correspondente (RC Nominativo) mediante a sinatura da persoa adxudicataria e da vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación.

Para a sinatura do contrato, a persoa proposta deberá achegar o antes posible a documentación que se lle solicite dende o Servizo de Recursos Humanos de Investigación.

Só se poderán asinar contratos con quen cumpra cos requisitos da Lei 53/1984 de 23 de decembro de incompatibilidades e o seu regulamento de desenvolvemento.

As persoas seleccionadas que estean en posesión dun título estranxeiro deberán entregar, no momento de sinatura do contrato, a solicitude para obter a declaración de equivalencia á titulación e nivel académico esixido na convocatoria na que foron seleccionadas, ou a homologación no suposto de títulos que habiliten para unha profesión regulada, de conformidade co Real Decreto 967/2014, do 21 de novembro.

Así mesmo, será de aplicación o establecido sobre confidencialidade dos resultados da investigación obxecto do proxecto, quedando recollido no impreso de aceptación do contrato.

A duración inicial dos contratos poderá ser obxecto de prórroga, de conformidade coa lexislación vixente sempre que se dispoña de crédito orzamentario suficiente.

Non poderán formalizarse contratos coas persoas candidatas que pese a seren seleccionadas non cumpran os requisitos legais para a súa contratación, ou os establecidos nas bases da convocatoria.

A formalización dun contrato coa Universidade de Vigo derivado deste concurso de méritos en ningún caso suporá un dereito a formar parte da relación de postos de traballo de carácter estrutural da institución ou instrumento similar.

### **11. Réxime aplicable de contratación.**

Os contratos formalizados como consecuencia deste concurso de méritos terán natureza laboral e rexeranse polo disposto na Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo do sistema universitario, polos Estatutos da Universidade Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro e as súas normativas de desenvolvemento.

Así mesmo, estarán rexidos pola Lei 14/2011, de 1 de xuño da ciencia, da tecnoloxía e da innovación e polo texto refundido da Lei do estatuto dos(as) traballadores(as) aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, de 24 de marzo e as súas normas de desenvolvemento.

### **12. Causas de extinción.**

As causas de extinción a que dean lugar os contratos derivados do presente concurso de méritos serán as contempladas no artigo 49 do Estatuto dos(as) traballadores(as) e as súas normas de desenvolvemento e concordantes. Serán causas obxectivas de extinción do contrato as previstas na sección IV do capítulo III do título I do Estatuto dos(as) traballadores(as).

Nos contratos de traballo de carácter indefinido consignarase expresamente como causa de extinción a insuficiencia do correspondente crédito para o financiamento deste posto de traballo na liña de investigación á que se vincula. Se se producirá esta causa, terase dereito a recibir a indemnización que legalmente proceda.

### **13. Medios de publicidade.**

Todas as resolucións referidas a esta convocatoria serán publicadas para os efectos de notificación no taboleiro de anuncios da Universidade de Vigo cuxo enlace é o seguinte:

<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>

Complementariamente toda a información referida a esta convocatoria é publicada no taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo cuxo enlace é o seguinte:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>

Así mesmo a convocatoria publicarase na plataforma EURAXESS (<https://euraxess.ec.europa.eu>)

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na sede electrónica da Universidade de Vigo sen que estas teñan a consideración de notificación.

#### **14. Réxime de tratamento de datos.**

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e co disposto no artigo 11 da lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados na solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a tramitación do procedemento selectivo, e amparados pola Lei 14/2011, de 1 de xuño da ciencia, da tecnoloxía e da innovación, a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario e os estatutos da Universidade de Vigo.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico [igualdade@uvigo.gal](mailto:igualdade@uvigo.gal)

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas participantes están obrigadas a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores e, en caso de non o faceren, serán excluídas do proceso selectivo.

Teñen dereito a solicitarlle ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento, así como a oponse ao dito tratamento e a solicitar, agás casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderán exercerse a través do procedemento «SXER-Exercicio dereitos sobre protección de datos» na sede electrónica ou de forma presencial nas oficinas de asistencia en materia de rexistro da Universidade de Vigo, ou en calquera dos lugares indicados para tal fin o artigo 16 LAPAC. Máis información <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos> Igualmente, poderán dirixir a solicitude directamente ao delegado de protección de datos da Universidade de Vigo, [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal), ou presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

#### **15. Norma derradeira.**

Os actos administrativos que deriven desta resolución e das actuacións da comisión de selección poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Polo feito de participar neste proceso selectivo, quen sexa aspirante sométese ás bases desta convocatoria e ao seu desenvolvemento, así como ás decisións que adopten as comisións de selección sen prexuízo das reclamacións pertinentes. As comisións de selección están facultadas para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a correcta valoración en todo o non previsto nestas bases.

**ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS  
CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS PARA A CONTRATACIÓN DE  
PERSOAL DE INVESTIGACIÓN**

DATOS DA PERSOA INTERESADA		
NOME E APELIDOS		
NIF/NIE/PASAPORTE	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
<b>REFERENCIA DA OFERTA</b> <b>09/26</b>	<b>XÉNERO</b>	
<p>Conforme ao artigo 69.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a persoa abaixo asinante <b>DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE</b> que cumpre cos seguintes requisitos de admisión indicados na base 4 e 5 da convocatoria, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e que os manterá durante todo o proceso selectivo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) A veracidade dos datos achegados no curriculum vitae.</li> <li>b) Ter a nacionalidade española ou calquera outra á que as normas do Estado atribúan iguais dereitos a efectos laborais na Administración Pública.</li> <li>c) Dispor da titulación indicada e cumprir o resto de requisitos publicados coa convocatoria da oferta de contrato.</li> <li>d) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.</li> <li>e) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento das correspondente funcións ou tarefas.</li> <li>f) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos e cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, na que fora separado ou inhabilitado.</li> <li>g) Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade previstas na lexislación vixente sobre incompatibilidades para contratar coa Administración Pública.</li> </ul>		

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura da persoa interesada preferentemente dixital

REFERENCIA DA OFERTA 0926-180724

GALEGO – 1

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	Contrato indefinido vinculado á liña de investigación
Investigador principal	Rebeca Pilar Díaz Redondo
Liña de investigación	<b>IA e aplicacións para a innovación educativa</b>
Identificación proxecto	
Departamento	T13 Enxeñaría telemática
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contrato de actividades científico-técnicas (art 23bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Instalación, parametrización, entrenamento e divulgación de IA xerativa no ámbito educativo
Funcións a realizar	Instalación e parametrización de software de IA xerativa. Creación de documentación e software relacionado coa instalación, parametrización, entrenamento de software de IA xerativa. Asistencia a reunións relacionadas coa IA no ámbito educativo. Elaboración de material de difusión de IA no ámbito educativo.
Retribución bruta mensual	1.802,50 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	01/10/2026
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 horas/semana)
Categoría laboral	Persoal investigador non doutor
Centro de traballo	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (Campus de Vigo)
Duración do contrato*	Indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DAS CANDIDATURAS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Grao en Enxeñaría de telecomunicación, Grao en Enxeñaría Informática ou titulacións afíns

MÉRITOS A VALORAR**		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación académica	20
Item nº2	Nivel de inglés	20
Item nº3	Experiencia acreditable relacionada co traballo a desenvolver	25
Item nº4	Formación específica relacionada co posto	20
Item nº5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/aos candidatos/as que na suma dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos	15

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Rebeca Pilar Díaz Redondo
Secretario/a	Manuel Fernández Iglesias
Vogal	Iñigo Cuiñas Gómez
(suplente)	Ana Fernández Vilas

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de adxudicación e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación

\*\* Se un dos items é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

REFERENCIA DA OFERTA 0926-180725

GALEGO – 2

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	Contrato indefinido vinculado á liña de investigación
Investigador principal	Rebeca Pilar Díaz Redondo
Liña de investigación	<b>IA e aplicacións para a innovación educativa</b>
Identificación proxecto	
Departamento	T13 Enxeñaría telemática
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contrato de actividades científico-técnicas (art 23bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Instalación, parametrización y entrenamiento de IA generativa en el ámbito educativo
Funcións a realizar	Instalación e parametrización de software de IA xerativa. Creación de documentación e software relacionado coa instalación, parametrización, entrenamiento de software de IA xerativa.
Retribución bruta mensual	901,25 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	01/10/2026
Xornada laboral	Tempo parcial (18.75 horas/semana)
Categoría laboral	Persoal investigador non doutor
Centro de traballo	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (Campus de Vigo)
Duración do contrato*	Indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DAS CANDIDATURAS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Grao en Enxeñaría de telecomunicación, Grao en Enxeñaría Informática ou titulacións afíns

MÉRITOS A VALORAR **		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación académica	20
Item nº2	Nivel de inglés	20
Item nº3	Experiencia acreditable relacionada co traballo a desenvolver	25
Item nº4	Formación específica co posto	20
Item nº5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/aos candidatos/as que na suma dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos	15

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Rebeca Pilar Díaz Redondo
Secretario/a	Manuel Fernández Iglesias
Vogal	Iñigo Cuiñas Gómez
(suplente)	Ana Fernández Vilas

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de adxudicación e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación

\*\* Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

REFERENCIA DA OFERTA 0926-180856

GALEGO – 3

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	Contrato indefinido vinculado á liña de investigación
Investigador principal	Anália Maria Garcia Lourenço
Liña de investigación	<b>Modelado e simulación computacionais de sistemas biolóxicos</b>
Identificación proxecto	
Departamento	T15 Informática
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contrato de actividades científico-técnicas (art 23bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	2
Traballo a realizar	Reconstrución e simulación de modelos biolóxicos
Funcións a realizar	Fusión de datos multimodais para reconstruír contornas celulares e metabólicas. Simulación avanzada de ABMs e simulación híbrida. Calibración e validación de modelos.
Retribución bruta mensual	1.250,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	16/09/2026
Xornada laboral	Tempo parcial (25 horas/semana)
Categoría laboral	Persoal investigador non doutor
Centro de traballo	Escola Superior de Enxeñaría Informática (Campus de Ourense)
Duración do contrato*	Indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DAS CANDIDATURAS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Grao ou mestrado en Enxeñaría Informática

MÉRITOS A VALORAR **		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación académica	25
Item nº2	Coñecementos mínimos de inglés B2	15
Item nº3	Formación específica relacionada con o posto	30
Item nº4	Experiencia acreditable relacionada co traballo a realizar	15
Item nº5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/aos candidatos/as que na suma dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos	15

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Anália Maria Garcia Lourenço
Secretario/a	Adrián Seara Vieira
Vogal	Eva Maria Lorenzo Iglesias
(suplente)	María Lourdes Borrajo Diz

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de adxudicación e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación

\*\* Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

REFERENCIA DA OFERTA 0926-180250

GALEGO – 4

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	UMI: Estratexias integrais para a mellora da sustentabilidade e a calidade en avicultura da carne
Investigador principal	Sidonia Martínez Suárez
Liña de investigación	<b>Sustentabilidade e calidade en avicultura de carne</b>
Identificación proxecto	SOSTENAVE
Departamento	Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Tarefas de xestión do proxecto
Funcións a realizar	Apoio á xestión, seguimento do proxecto e xustificación. Control de axendas, asistencia a reunións e elaboración de actas. poio na elaboración de documentos, entregables e memorias de actividade. Xestión de diferentes bases de datos e análise de resultados. Interlocución con empresas, provedores, administración, etc. Apoio no traballo de laboratorio e campo na toma e tratamento de mostras.
Retribución bruta mensual	2.000,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	01/09/2026
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 horas/semana)
Categoría laboral	Persoal técnico medio de apoio á investigación
Centro de traballo	Centro de Investigación, Transferencia e Innovación-C.I.T.I. (Campus de Ourense)
Duración do contrato*	Indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DAS CANDIDATURAS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Grao ou equivalente

MÉRITOS A VALORAR **		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación académica	15
Item nº2	Experiencia laboral en Universidades	15
Item nº3	Formación específica relacionada co posto e experiencia acreditable relacionada co traballo a desenvolver (adecuación do CV ás tarefas a realizar)	70
Item nº4		
Item nº5		

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Sidonia Martínez Suárez
Secretario/a	Paula Pérez Rodríguez
Vogal	David Fernández Calviño
(suplente)	Pedro Miguel Ferreira Santos

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de adxudicación e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación

\*\* Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará ás persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

REFERENCIA DA OFERTA 0926-180261

GALEGO – 5

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	UMI: Estratexias integrais para a mellora da sustentabilidade e a calidade en avicultura da carne
Investigador principal	Sidonia Martínez Suárez
Liña de investigación	<b>Sustentabilidade e calidade en avicultura de carne</b>
Identificación proxecto	SOSTENAVE
Departamento	Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Persoal técnico de laboratorio con tarefas de coordinación
Funcións a realizar	<p>Coordinación de equipo de traballo.                      Preparación metadatos e informes resultados.                      Elaboración documentación e memorias de actividades técnicas.                      Coordinación da recollida, recepción e almacenamento de mostras.                      Coordinar e executar as probas e análises e garantir o cumprimento dos protocolos científicos.                      Coordinar e executar desenvolvemento de produtos e o procesamento dos datos, así como na acreditación das probas de laboratorio.                      Modelización e optimización procesos industriais.                      Caracterización de alimentos.                      Caracterización de solos e residuos orgánicos.                      Aplicacións biotecnolóxicas aplicadas a procesos de biorefinería e valorización de residuos orgánicos.                      Manexo e prestación de servizo de equipamento científico.                      Cromatógrafos de líquidos e de gases. Extractores de sustancias químicas.                      Reactores de explosión a vapor, de autohidrólise e de microondas.                      Biorreactores.</p>
Retribución bruta mensual	2.500,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	01/09/2026
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 horas/semana)
Categoría laboral	Persoal técnico medio de apoio á investigación
Centro de traballo	Centro de Investigación, Transferencia e Innovación-C.I.T.I. (Campus de Ourense)
Duración do contrato*	Indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DAS CANDIDATURAS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Grao en ciencia e tecnoloxía dos alimentos, en ciencias ambientais, en enxeñería agraria ou titulacións afíns

MÉRITOS A VALORAR **		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación académica	15
Item nº2	Experiencia laboral en Universidades	15
Item nº3	Formación específica relacionada co posto e experiencia acreditable relacionada co traballo a desenvolver (adecuación do CV ás tarefas a realizar)	70
Item nº4		
Item nº5		

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Sidonia Martínez Suárez
Secretario/a	Paula Pérez Rodríguez
Vogal	David Fernández Calviño
(suplente)	Pedro Miguel Ferreira Santos

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de adxudicación e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación

\*\* Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará ás persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

REFERENCIA DA OFERTA 0926-180262

GALEGO – 6

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	UMI: Estratexias integrais para a mellora da sustentabilidade e a calidade en avicultura da carne
Investigador principal	Sidonia Martínez Suárez
Liña de investigación	<b>Sustentabilidade e calidade en avicultura de carne</b>
Identificación proxecto	SOSTENAVE
Departamento	Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	2
Traballo a realizar	Persoal técnico de laboratorio
Funcións a realizar	Recollida, recepción e almacenamento de mostras. Executar as diferentes análises, desenvolvemento de produtos e o procesamento dos datos. Caracterización físico-química e microbiolóxica de alimentos. Caracterización físico-química e microbiolóxica de solos e residuos orgánicos. Aplicacións biotecnolóxicas aplicadas a procesos de biorrefinería e valorización de residuos orgánicos. Manexo e prestación de servizo de equipamento científico. Cromatógrafos de líquidos e de gases. Extractores de substancias químicas. Reactores de explosión a vapor, de autohidrólise e de microondas. Biorreactores.
Retribución bruta mensual	2.000,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	01/09/2026
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 horas/semana)
Categoría laboral	Persoal técnico medio de apoio á investigación
Centro de traballo	Centro de Investigación, Transferencia e Innovación-C.I.T.I. (Campus de Ourense)
Duración do contrato*	Indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DAS CANDIDATURAS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Grao en ciencia e tecnoloxía dos alimentos, en ciencias ambientais, en enxeñería agraria ou titulacións afíns

MÉRITOS A VALORAR**		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación académica	15
Item nº2	Experiencia laboral en Universidades	15
Item nº3	Formación específica relacionada co posto e experiencia acreditable relacionada co traballo a desenvolver (adequación do CV ás tarefas a realizar)	70
Item nº4		
Item nº5		

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Sidonia Martínez Suárez
Secretario/a	Paula Pérez Rodríguez
Vogal	David Fernández Calviño
(suplente)	Pedro Miguel Ferreira Santos

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de adxudicación e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación

\*\* Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

REFERENCIA DA OFERTA 0926-180336

GALEGO – 7

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	UMI: Estratexias integrais para a mellora da sustentabilidade e a calidade en avicultura da carne
Investigador principal	Sidonia Martínez Suárez
Liña de investigación	<b>Sustentabilidade e calidade en avicultura de carne</b>
Identificación proxecto	SOSTENAVE
Departamento	Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Persoal técnico sénior en dixitalización
Funcións a realizar	Soporte no desenvolvemento de xemelgos dixitais. Desenvolvemento de Building Information Model. Interoperabilidade de datos.
Retribución bruta mensual	2.500,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	01/09/2026
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 horas/semana)
Categoría laboral	Persoal técnico medio de apoio á investigación
Centro de traballo	Centro de Investigación, Transferencia e Innovación-C.I.T.I. (Campus de Ourense)
Duración do contrato*	Indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DAS CANDIDATURAS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Grao en Enxeñaría, Física ou Matemáticas.

MÉRITOS A VALORAR**		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación académica	30
Item nº2	Experiencia laboral relacionada co traballo a desenvolver	55
Item nº3	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/aos candidatos/as que na suma dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos	15
Item nº4		
Item nº5		

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Sidonia Martínez Suárez
Secretario/a	Higinio González Jorge
Vogal	Eduardo Balvís Outeiriño
(suplente)	David Nicholas Olivieri Cecchi

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de adxudicación e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación

\*\* Se un dos items é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

REFERENCIA DA OFERTA 0926-180338

GALEGO – 8

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	UMI: Estratexias integrais para a mellora da sustentabilidade e a calidade en avicultura da carne
Investigador principal	Sidonia Martínez Suárez
Liña de investigación	<b>Sustentabilidade e calidade en avicultura de carne</b>
Identificación proxecto	SOSTENAVE
Departamento	Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Persoal técnico sénior en simulación fluidodinámica
Funcións a realizar	Simulación CFD. Interoperabilidade con sistemas Building Information Modeling. Simulación térmica. Nivel avanzado.
Retribución bruta mensual	2.500,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	01/09/2026
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 horas/semana)
Categoría laboral	Persoal técnico medio de apoio á investigación
Centro de traballo	Centro de Investigación, Transferencia e Innovación-C.I.T.I. (Campus de Ourense)
Duración do contrato*	Indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DAS CANDIDATURAS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Grao en Enxeñaría, Física ou Matemáticas.

MÉRITOS A VALORAR**		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación académica	30
Item nº2	Experiencia laboral relacionada co traballo a desenvolver	55
Item nº3	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/aos candidatos/as que na suma dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos	15
Item nº4		
Item nº5		

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Sidonia Martínez Suárez
Secretario/a	Elena Beatríz Martín Ortega
Vogal	Fernando Veiga López
(suplente)	Higinio González Jorge

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de adxudicación e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación

\*\* Se un dos items é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

REFERENCIA DA OFERTA 0926-180341

GALEGO – 9

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	UMI: Estratexias integrais para a mellora da sustentabilidade e a calidade en avicultura da carne
Investigador principal	Sidonia Martínez Suárez
Liña de investigación	<b>Sustentabilidade e calidade en avicultura de carne</b>
Identificación proxecto	SOSTENAVE
Departamento	Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Persoal técnico sénior en electrónica e informática
Funcións a realizar	Visión por computador. Procesamento de imaxe. Control de calidade en liña de produción. Sistemas electrónicos. Nivel avanzado.
Retribución bruta mensual	2.500,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	01/09/2026
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 horas/semana)
Categoría laboral	Persoal técnico medio de apoio á investigación
Centro de traballo	Centro de Investigación, Transferencia e Innovación-C.I.T.I. (Campus de Ourense)
Duración do contrato*	Indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DAS CANDIDATURAS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Grao en Enxeñaría, Física ou Matemáticas

MÉRITOS A VALORAR**		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación académica	30
Item nº2	Experiencia laboral relacionada co traballo a desenvolver	55
Item nº3	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/aos candidatos/as que na suma dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos	15
Item nº4		
Item nº5		

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Sidonia Martínez Suárez
Secretario/a	Eduardo Balvís Outeiriño
Vogal	David Nicholas Olivieri Cecchi
(suplente)	Higinio González Jorge

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de adxudicación e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación

\*\* Se un dos items é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

REFERENCIA DA OFERTA 0926-180343

GALEGO – 10

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	UMI: Estratexias integrais para a mellora da sustentabilidade e a calidade en avicultura da carne
Investigador principal	Sidonia Martínez Suárez
Liña de investigación	<b>Sustentabilidade e calidade en avicultura de carne</b>
Identificación proxecto	SOSTENAVE
Departamento	Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Personal técnico júnior en simulación fluidodinámica
Funcións a realizar	Simulación CFD. Interoperabilidade con sistemas Building Information Modeling. Simulación térmica. Nivel iniciación.
Retribución bruta mensual	2.000,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	01/09/2026
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 horas/semana)
Categoría laboral	Persoal técnico medio de apoio á investigación
Centro de traballo	Centro de Investigación, Transferencia e Innovación-C.I.T.I. (Campus de Ourense)
Duración do contrato*	Indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DAS CANDIDATURAS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Grao en Enxeñaría, Física ou Matemáticas

MÉRITOS A VALORAR**		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación académica	30
Item nº2	Experiencia laboral relacionada co traballo a desenvolver	55
Item nº3	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/aos candidatos/as que na suma dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos	15
Item nº4		
Item nº5		

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Sidonia Martínez Suárez
Secretario/a	Elena Beatríz Martín Ortega
Vogal	Fernando Veiga López
(suplente)	Higinio González Jorge

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de adxudicación e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación

\*\* Se un dos items é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

REFERENCIA DA OFERTA 0926-180344

GALEGO – 11

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	UMI: Estratexias integrais para a mellora da sustentabilidade e a calidade en avicultura da carne
Investigador principal	Sidonia Martínez Suárez
Liña de investigación	<b>Sustentabilidade e calidade en avicultura de carne</b>
Identificación proxecto	SOSTENAVE
Departamento	Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Persoal técnico júnior en electrónica e informática
Funcións a realizar	Visión por computador. Procesamento de imaxe. Control de calidade en liña de produción. Sistemas electrónicos. Nivel inicial.
Retribución bruta mensual	2.000,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	01/09/2026
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 horas/semana)
Categoría laboral	Persoal técnico medio de apoio á investigación
Centro de traballo	Centro de Investigación, Transferencia e Innovación-C.I.T.I. (Campus de Ourense)
Duración do contrato*	Indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DAS CANDIDATURAS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Grao en Enxeñaría, Física ou Matemáticas

MÉRITOS A VALORAR**		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación académica	30
Item nº2	Experiencia laboral relacionada co traballo a desenvolver	55
Item nº3	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/aos candidatos/as que na suma dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos	15
Item nº4		
Item nº5		

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Sidonia Martínez Suárez
Secretario/a	Eduardo Balvís Outeiriño
Vogal	David Nicholas Olivieri Cecchi
(suplente)	Higinio González Jorge

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de adjudicación e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación

\*\* Se un dos items é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

REFERENCIA DA OFERTA 0926-180407

GALEGO – 12

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	Axuda para a consolidación e estruturación do grupo de investigación ATS1
Investigador principal	Higinio González Jorge
Liña de investigación	<b>Enxeñaría do Transporte</b>
Identificación proxecto	GPC-ED431B 2025/31
Departamento	T06 Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Apoio á investigación en tarefas de coordinación, xestión, visibilidade, transparencia e comunicación
Funcións a realizar	Apoio á xestión dos proxectos de investigación. Apoio na xestión das axudas recibidas (documentación, xustificacions, informes intermedios e finais). Apoio na organización de actividades: xornadas, conferencias, etc. Colaboración noutras tarefas a desenvolver de cara á xestión do grupo de investigación e as súas actividades.
Retribución bruta mensual	1.545,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	16/09/2026
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 horas/semana)
Categoría laboral	Persoal técnico especialista de apoio á investigación
